



PROTECCIÓN DE DATOS, LEI 3/2018

OBXECTO

Este informe ten como finalidade informar acerca do texto necesario para a paxina web do Concello que respectan as esixencias do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

A finalidade de este informe é a petición do servizo de informática do Concello para incluír o texto de PROTECCIÓN DE DATOS na web e nas redes sociais do Concello.

TEXTO RECOMENDADO

1. Información básica sobre protección de datos

RESPONSABLE CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO
NIF: P3605000C

CONTACTO 986 65 81 26 - 986 65 80 82
Praza da constitución, 1, Salvaterra de Miño (36450) -
Pontevedra
rexistro@concellodesalvaterra.org

FINALIDADE Atención cidadá, recepción de consultas e trámites correspondentes.

LEXITIMACIÓN O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poder públicos (artigo 6.1,e do RGPD). Consentimento das persoas interesadas, cando sexa preciso (artigo 6.1,a de o RGPD).



DESTINATARIOS

As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

DEREITOS

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través do correo registro@concellodesalvaterria.org

INFORMACIÓN ADICIONAL

Debe ler a información detallada sobre protección de datos máis abaixo

2. Información detallada sobre protección de datos

Os datos persoais vinculados a páxina web e a sede electrónica responsabilidade do CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO respectan as esixencias do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

2.1 Quen é o Responsable do tratamento?

Datos do Responsable:

- RESPONSABLE: CONCELLO DE SALVATERRA
- NIF: P3605000C
- Enderezo: Praza da Constitución, nº1, Salvaterra (36450)
- Teléfono: 986 65 81 26 - 986 65 80 82

Datos do DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS:

- *Arán Feijoo Covelo.*
- info@aranfeijoo.com

O CONCELLO DE SALVATERRA é responsable de manter un rexistro das actividades de tratamento baixo a súa responsabilidade en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 30 do RXPD.



2.2 Con que finalidade tratamos os seus datos persoais?

O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO tratará os datos persoais das persoas interesadas, con carácter xeral, para:

1. Xestionar os diferentes procedementos administrativos e informar sobre a súa tramitación.
2. Verificar ou comprobar a exactitude dos datos persoais que as persoas interesadas declaren que xa obran en poder das administracións públicas ou que previamente xa se achegasen.
3. Realizar notificacións e tramitar recursos.
4. Xestionar peticións de información, suxestións, comunicacións en xeral e remitir boletíns informativos.

2.3 Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO está lexitimado para o tratamento dos datos de carácter persoal de acordo co principio de licitude do tratamento sinalado no artigo 6 do RXPDP e, concretamente, para:

- Con carácter xeral, no caso da actividade de procedemento administrativo a base xurídica dos tratamentos será o cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, tendo en conta a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, etc.
- En determinados supostos o tratamento virá lexitimado polo consentimento das persoas interesadas.
- En todo caso, a base da lexitimación recollerase nas cláusulas informativas básicas dispoñibles nos formularios de recollida de datos persoais.

2.4 A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Os seus datos poderán ser comunicados, segundo a lexislación vixente e sempre que sexa necesario para a xestión do procedemento ou petición, a outras administracións públicas no exercicio das súas competencias, a entidades financeiras, a diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios do CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO para dar a publicidade legalmente esixida nos procedementos onde sexa necesaria.

As cláusulas informativas básicas incluirán, en todo caso, os destinatarios concretos dos datos.



2.5 Durante canto tempo conservaremos os seus datos persoais?

Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados.

2.6 Realizaranse transferencias de datos a terceiros países?

Non se van a producir transferencias internacionais de datos.

- **Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos persoais?**
- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

2.8 Terá a posibilidade de retirar o consentimento?

Terá a posibilidade e o dereito de retirar o seu consentimento para calquera finalidade específica outorgada no seu momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

2.9 Onde poderá exercitar os seus dereitos?

A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos sen coste algún, recibindo unha resposta nos prazos establecidos no RXPd e a LOPDGDD, polos seguintes medios:

- Por escrito no rexistro do CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DE MIÑO. Esta solicitude deberá ir asinada xunto coa copia do DNI ou pasaporte do



interesado. No caso de que se actúe a través de representante legal deberá achegarse, ademais, o DNI e o documento acreditativo da presentación do representante.

- Se o CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO tivese dúbidas razoables en relación coa identidade da persoa física que cursa a solicitude poderá solicitar a información adicional necesaria para confirmar a identidade do interesado.
- O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO deberá responder a solicitude no prazo dun mes dende a súa recepción. Este prazo poderá prorrogarse ata dous meses máis en caso de sexa preciso, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes recibidas. O interesado, en calquera caso, será informado no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude.
- Calquera interesado tamén poderá dirixir a súa solicitude de exercicio de dereitos o Delegado de Protección de datos mediante solicitude o correo rexistro@concellodesalvaterra.org
- Para máis información: <https://www.aepd.es/reglamento/derechos/index.html>

2.10 Como pode realizar unha reclamación perante a Autoridade de Control?

No caso de que non se respectaran os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>.

En ambos casos, deberá acompañar a documentación pertinente.

2.11 Cales son as medidas de seguridade?

En cumprimento co artigo 32 do RXPd e tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Primeira da LOPDGDD 3/2018, o CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO conta cunhas medidas de seguridade establecidas polo seu regulamento interno de seguridade que segue o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) regulado polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE \(Regulamento xeral de protección de datos\)](#)



**CONCELLO
DE
SALVATERRA DE MIÑO**

Praza da Constitución, nº1
36450 – Salvaterra de Miño
PONTEVEDRA

Teléfonos: 986 65 81 26 - 986 65 80 82
Fax: 986 65 83 60 CIF: P 3605000 C
mail: rexistro@concellodesalvaterra.org
www.concellodesalvaterra.org



[Real decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade](#)

O DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Arán Feijoo Covelo

Asinado eletrónicamente na marxe